

BASES XXV GALA DO DEPORTE FERROLÁN



1.- Distincións.....	3
2.- Normas para a elección dos galardoados.....	3
3.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.....	4
4.- XURADO.....	5
5.- ENTREGA DE PREMIOS.....	6
Anexo I.....	7



1.- DISTINCIONS

I. CARABELA DE PRATA

- Ao mellor deportista ferrolán do ano 2017. (Deportista máis destacado que no ano 2017 ou tempada 2016-2017 lograrse un bo resultado, *récord*, mellor marca, internacionalidade, etc.).

II. TROFEO para os FINALISTAS

- Finalistas (2) a deportista do ano 2017.

III. DISTINCIÓN á MELLOR PROMESA (tanto masculina como feminina):

- Deportistas nados nos anos 1999 ou posteriores para o ano 2017.

Iç. DISTINCIÓN ao MELLOR club, agrupación deportiva ou colexio que se distinga especialmente pola súa promoción do deporte base do ano 2017.

ç. TROFEO OU PLACA para persoas, entidades ou institucións pola súa ENTREGA ao traballo na PROMOCIÓN OU APOIO ao deporte, ex-deportistas pola súa traxectoria deportiva no ano 2017.

çI. Distinción ou trofeo e diploma para os mellores de cada especialidade deportiva (tanto masculina como feminina). Distinguiranse a deportistas meritorios do ano 2017 ou tempada 2016-2017.

çII. Distinción TROFEO JAVIER GOMEZ NOYA. Distinción outorgada a todos aqueles deportistas que resultaran galardoados coa Carabela de Prata durante catro anos consecutivos ou máis de catro nos seis derradeiros anos sempre que a súa traxectoria no ano 2017 o faga merecedor da distinción.

2.- NORMAS PARA A ELECCION DOS GALARDOADOS

1. Os/as deportistas nomeados/as para calquera das distincións deberán cumprir, polo menos unha das seguintes condicións:

1. Ser naturais de Ferrol
2. Formados deportivamente en Ferrol
3. Pertencer, como mínimo, durante as tres últimas tempadas ou anos (incluída a tempada ou ano obxecto de recoñecemento na presente edición da gala) a algún club, agrupación deportiva ou colexio do Concello. (Dende o ano 2014 ou tempada 2013 – 2014).



2. Ningún deportista poderá ser proposto para máis dunha distinción dentro do mesmo ano obxecto de galardón.
3. Así mesmo tampouco ningún deportista proposto poderá ser galardoado na mesma disciplina deportiva máis de catro anos consecutivos.
4. Procedemento para a distinción **CARABELA DE PRATA Ó MELLOR DEPORTISTA FERROLÁN DO ANO 2017.**
 - De entre todos os candidatos propostos (3) realizarase unha votación secreta na que cada membro do xurado lles outorgará 3, 2 ou 1 punto a cada un dos candidatos da terna proposta, dando lugar a un gañador e dous finalistas.
5. Para a designación dos nomeados, o Xurado poderá solicitar a información que estime necesaria ás federacións, clubs ou entidades que considere oportuno consultar, poidendo tamén, se o considera necesario, modificar algunha das normas para a elección dos galardoados.
6. En casos excepcionais, debidamente motivados e sempre que a decisión se aprobe por unanimidade de tódolos membros, o xurado poderá modificar estas bases nos criterios establecidos para elixir os premiados.

3.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

Poderán formular propostas calquera persoa física ou xurídica (asociacións, organismos ou entidades públicas ou privadas) relacionadas coa actividade física e o deporte.

As propostas, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, **a través dos anexos** que se xuntan a estas bases (Anexo I e Anexo II), acompañaranse da documentación e información que acredite os méritos que concurren nos candidatos.

O prazo de presentación de candidaturas será de **10 días naturais** dende o día seguinte a súa publicación no Taboleiro da páxina web do Concello.

A presentación de candidaturas implica a total aceptación desta resolución o do ditame do xurado.



4.- XURADO.

O xurado estará composto:

- Presidente/a: Concelleiro delegado de Deportes.
- Secretario/a: un funcionario/a do negociado de Deportes designado/a polo presidente do xurado. As súas funcións serán as de recibir, clasificar e ordenar a documentación que deba someterse a consideración do xurado. Actuará con voz e sen voto.
- Vogais:
 - Ata cinco (5) representantes das seccións de deportes de medios de comunicación tanto escritos como radiofónicos ou dixitais, designados/as pola presidencia do xurado.
 - Un/unha (1) vogal designado/a pola Presidencia do xurado de entre persoas de especial relevancia e recoñecido prestixio no ámbito da actividade física e deportiva ferrolán.

O ditame do xurado no que se propoñan os diferentes premios será publicado na páxina web do Concello de Ferrol.

A actividade do xurado non será retribuída.

5.- ENTREGA DE PREMIOS

Os premios aos mellores deportistas Ferroláns do ano 2017 serán entregados de forma solemne nun acto público que se realizará no Auditorio Municipal o próximo 19 de abril de 2019 e no que se lles fará entrega da distinción que lles corresponda.

A concesión dos galardóns ten unicamente carácter honorífico.



Anexo I

XXV GALA DO DEPORTE FERROLÁN. Ano 2017

Modalidade deportiva:

Proposta para a distinción de:.....

Entidade ou persoa proponente:.....CIF/NIF.....

DATOS DO DEPORTISTA PROPOSTO PARA GALARDON

Nome e apelidos do deportista proposto:.....

Lugar e data de nacemento:.....

Enderezo:.....

Código Postal:..... Teléfono/s:

Enderezo electrónico:

Club actual: Data de alta no club actual:.....

DATOS MÁIS RELEVANTE DA PASADA TEMPADA (Temp. 2016 – 2017) ou ano 2017:

BREVE CURRICULUM:



Ferrol, de de 2018

O Propoñente

Asdo.: _____